

# DUSA METAL GALICIA, S.L.



"Introducímonos nun mercado virxe e estamos en constante expansión."

*J.-R. Cillero Ferro / J.-L. Gómez Muiño / M<sup>a</sup> J. Santos Varela*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Carpintería metálica
<b>Sector de actividade</b>	Fabricación de mobles e carpintería metálica
<b>Nº empregados</b>	8
<b>Inversión inicial</b>	27.000 €
<b>Financiamento inicial:</b>	A constitución da empresa financiouse mediante fondos propios e para a compra de maquinaria obtívose financiamento mediante un micro-crédito de 24.000 euros concedido polo IGAPE.
<b>Web:</b>	<a href="http://www.dusagalicia.com">www.dusagalicia.com</a>
<b>Municipio:</b>	Cambre, A Coruña
<b>Ano creación:</b>	2003

## Descrición do proxecto

DUSA é unha nova empresa que ten as seguintes seccións na súa liña de produción:

- Unha división especializada na fabricación e instalación de montacargas.
- Sección dedicada á fabricación de accesorios de axuda á construción.
- Instalación de plataformas elevadoras para persoas con mobilidade reducida.
- Instalación de salvaescaleiras.



## Datos empresa

### Claves do éxito

Unha das claves fundamentais foi entrar nun mercado practicamente virxe. Existía unha necesidade no sector. A calidade e o servizo prestado tamén son claves moi importantes para alcanzar o éxito.

### Situación actual

Malia a mocidade da empresa, actualmente atopámonos en constante expansión, mellorando continuamente os nosos produtos e servizos, avanzando e progresando sempre guiados por unha filosofía de calidade e seguridade.

### Perfil cliente

A tipoloxía dos nosos clientes é a seguinte:

- Almacéns e empresas alugadoras de útiles de construción.
- Diferentes empresas que posúan instalacións a diferentes alturas que necesitan subir ou baixar cargas dunhas plantas a outras.
- Particulares, persoas con mobilidade reducida, de todas as idades que buscan unha solución ás posibles barreiras arquitectónicas que teñan na súa vivenda habitual.



## Idea inicial

Levabamos varios anos traballando nunha empresa que fabricaba montacargas eventualmente. Por iso decidimos fabricar e colocar o devandito produto como actividade principal. Como necesitabamos a alguén que se encargase das tarefas administrativas propuxémosllo a María, que naquel momento estaba á busca de emprego. Ela aceptou e uniuse ao proxecto.

## Principales dificultades y amenazas futuras

As principais dificultades foron dar a coñecer o produto, a procura dun equilibrio financeiro e desenvolver o proxecto empresarial con recursos limitados a nivel económico propiciado principalmente polo costume español de pagar a 90 días ou máis. Aguantar ao principio é complicado. Unha ameaza é o continuo investimento en maquinaria e equipos que hai que realizar.

## Perfil promotores

A tipoloxía dos nosos clientes é a seguinte:

- Almacéns e empresas alugadoras de útiles de construción.
- Diferentes empresas que posúan instalacións a diferentes alturas que necesitan subir ou baixar cargas dunhas plantas a outras.
- Particulares, persoas con mobilidade reducida, de todas as idades que buscan unha solución ás posibles barreiras arquitectónicas que teñan na súa vivenda habitual.

## Aptitudes necesarias

Ganas, interese, paciencia, don de xentes e dar o mellor en relación calidade / prezo.



## Guía de Actividad

**Fabricación de carpintería metálica** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta**

**O reto que supón  
Saír do desemprego**

**Demostrar aos demais as miñas  
capacidades  
Gañar cartos**

## Formación

**¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?**

María recibiu unha orientación empresarial por parte da antiga Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

**¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Si.

## Anecdótico

Polo xeral a sorpresa da xente que non coñece a existencia do produto.

En canto aos elevadores para persoas con mobilidade reducida, algunhas persoas considéranos perfectos, ata antes de necesitalos. Outras, en cambio pensan que só o van a necesitar cando sexan anciáns, e existe moita xente nova con problemas de mobilidade.

